

Circular Competicións- 1 de setembro de 2023

Asunto.- Convocatoria solicitudes Organización de Probas Calendario oficial

A TÓDOLOS CLUBS E ORGANIZADORES DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON E PENTATLON MODERNO

A Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno abre o prazo para a presentación de solicitudes de organización de probas tanto de triatlón coma de pentatlón moderno, co fin de poder traballar no desenvolvemento do calendario a aprobar pola Asemblea Xeral para 2024 e novas probas para engadir no último trimestre de 2023 (Nada e Corre/Dúatlón Cros/...)

A DGT acaba de enviar a comunicación cos prazos de comunicación das probas afectadas polos permisos de tráfico. O primeiro prazo para dar prioridade a estas probas sobre outras modalidades ou eventos non oficiais calendadas, especialmente aquelas que poidan ter previsión de celebración antes de finais de marzo de 2024 remataría a mediados de outubro.

En relación ao anterior e coñecedores de que a estas alturas a pode ser bastante incerta, pregámosvos que fagades a solicitude de datas de celebración daquelas probas que poidades ter previstas, aínda sabendo que nalgúns casos a súa celebración dependerá da confirmación do soporte económico e administrativo de entidades públicas e privadas.

Si vos pedimos o compromiso como organizadores de comunicar a cancelación das probas que se calendaricen coa antelación suficiente, ao menos dun mes, de cara a ter marxe de manobra para tratar de conseguir levar as probas principais (Cptos galegos/circuitos/...) a outra sede por parte da Xunta Directiva.

Recepción de solicitudes: ata o 1 de outubro de 2023

A solicitude deberá enviarse a info@fegatri.org e virá acompañada dun pequeno proxecto que debe perfilar os aspectos básicos que se detallan a continuación, especialmente no caso de novas probas, para poder traballar sobre o mesmo coordinadamente.

Na medida en que se traballa a longo prazo sabemos que serán previsións que despois se deberán concretar cos delegados e delegadas técnicos das probas, e que seguramente sufran tamén variacións por diversas cuestións secundarias, pero é importante ter unha descrición previa destes puntos, para poder dar apoio á organización que así o precise.

DATOS BÁSICOS DO PROXECTO DE SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE PROBAS

– Formulario de comunicación calendario cuberta cos datos da proba (xúntase a ligazón de descarga a continuación)

FICHA/FORMULARIO CALENDARIO (só para probas con influencia de permisos de tráfico da DGT)

***Datos para Probas con antecedente (solicítase o proxecto de cambios para a posta en marcha).**

- Nome da proba
- Tipo -(Circuíto/Cpto Autonómico/Popular).
- Dúas datas posibles e localización.
- Organizador, datos e persoa de contacto.
- Director de Carreira/Responsable (nome, teléfono, email).
- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Ficha de tráfico cuberta (de afectar permisos da DGT).
- Distancias
- Observacións: indicar previsión cambios de localización ou circuítos respecto á edición anterior.

***Probas que se organicen por primeira vez xuntarán ao proxecto o engadido ademais os seguintes datos:**

- Organizador (É preciso tramitar licenza de club-organizador 2022 de triatlón, ou coorganizala con algún organizador con licenza).
- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Dirección Executiva e Dirección de carreira
- Datos e persoa de contacto.
- Data, hora e lugar. (se é posible dúas alternativas para tentar cadrar previamente dende competición un calendario onde non se prexudiquen)
- Número de carreiras-saídas, se houberse máis dunha.
- Distancias
- Planos dos circuítos con tódalas áreas (Saída, transición, meta, áreas de penalización,...).
- Sistema de Cronometraxe
- Premios
- Categorias
- Servizos- (duchas e vestiarios, megafonía e locución, infraestruturas en xeral...)
- Seguros- Propios (indicar de selo caso. Serán revisados polo DT) ou xestionados a través da Fegatri.
- Servizos médicos e plan de seguridade e evacuación.
- Vehículos. Control dos sectores de carreira
- Avituallamentos.
- Voluntariado

[*Información Permisos DGT para celebración de Probas deportivas](#)

[*Información Normativa Autonómica celebración Espectáculos Públicos](#)

CALENDARIO FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN

(Probas do calendario FETRI comunicadas a data de hoxe para ter en conta a incidencia de falta de deportistas á hora da inscrición)

Data	Proba	Localidade
24/02/2024	Campeonato de España de Duatlón por Clubes	Albacete
25/02/2024	Campeonato de España de Duatlón por Relevos Mixtos	Albacete
09/03/2024	Campeonato de España de Duatlón SuperSprint Relevos / Parejas	La Nucia
09/03/2024	Campeonato de España de Duatlón SuperSprint por Clubes	La Nucia
10/03/2024	Campeonato de España de Duatlón SuperSprint por Clubes 2x2	La Nucia
23/03/2024	Campeonato de España de Duatlón Cadete / Juvenil / Junior	Alcobendas
06/04/2024	Campeonato de España de Duatlón Élite / Sub23 / Duatlón Paralímpico / Grupos de Edad Sprint y Estándar	Avilés
20/04/2024	Campeonato de España de Duatlón Contrarreloj por Equipos	Soria
20/04/2024	Campeonato de España de Duatlón Contrarreloj por Equipos de Talentos	Soria
21/04/2024	Campeonato de España de Duatlón por Relevos	Soria
21/04/2024	Campeonato de España de Duatlón por Relevos de Talentos	Soria
18/05/2024	Campeonato de España de Triatlón de Media Distancia	Pamplona/Iruña
18/05/2024	Campeonato de España Aquabike MD	Pamplona/Iruña
15/06/2024	Campeonato de España de Triatlón Sprint	A Coruña
07/09/2024	Campeonato de España de Triatlón Olímpico	Banyoles